

CONCELLO DE VIGO
ALCALDÍA

Expediente nº: 305/143
CONTA XERAL ANO 2024

RESOLUCIÓN

Asunto: Rendición Conta Xeral ano 2024

Data límite da Rendición: 15 de maio

En cumprimento dos prazos previstos no artigo 212.1 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (TRLRFL), aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, o Presidente da entidade renderá a Conta antes do 15 de maio do exercicio inmediato seguinte ao que corresponda. O apartado 2) do devandito precepto, establece que a Conta Xeral de cada exercicio someterase antes do 1 de xuño do exercicio inmediato seguinte a informe da Comisión Especial de Contas da entidade local.

A Conta Xeral formouse nos prazos regulamentarios, polo que, vista a proposta do Sr. Concelleiro Delegado de Orzamentos e Facenda,

RESOLVO:

a) Render a Conta Xeral do ano 2024, integrada por:

A Entidade Local.

Organismo Autónomo Xerencia Municipal de Urbanismo.

O perímetro de consolidación é o previsto no artigo 166 do TRLRFL, entes con orzamento limitativo.

Composta polos seguintes estados:

Balances.

Conta de resultado económico-patrimonial.

Estado de cambios no Patrimonio Neto.

Estado de fluxos de efectivo.

Estado de liquidación do Orzamento.


Memoria e demais estados complementarios.

Todos os estados contables que reflicte a Instrución de Contabilidade

No perímetro de consolidación aos efectos da Lei Orgánica 2/2012 están incluídas ademais, as



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 14/05/2025 13:42	Páxina 1 de 2
305-143	CSV: A7ABE5-EAEBAC-D444D5-FZK49W-JNR6AQ-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO
ALCALDÍA

Expediente nº: 305/143
CONTA XERAL ANO 2024

Fundacións MARCO e CONVENTION BUREAU.

Os Estados consolidados do grupo Concello de Vigo, do que forman parte ademais as Fundacións MARCO e a CONVENTION BUREAO, quedan reflectidas nos estados contables do Balance e Conta de resultados consolidados que se enviarán ao Consello de Contas de Galicia.

Os Estados cosolidados dos Entes con Orzamento limitativo, están conformados polos estados regulamentados na orde HAC/836/2021, de 9 de xullo, pola que se aproban las normas para a formulación de contas anuais consolidadas no ámbito do sector público local: Balance, Conta de Resultado Económico Patrimonial, Estado de Cambios no Patrimonio Neto, Estado de Ingresos e Gastos Recoñecidos, Estado de Fluxos de efectivo, Estado de corrente e pechados da Liquidación de gastos e ingresos por capítulos e Resultado Orzamentario.

A Memoria está conformada coa desagregación que establece a Orde HAP/1781/2013, de 20 de setembro, pola que se aproba a Instrución do modelo normal de Contabilidade Local e coas explicacións e comentarios máis salientables dos feitos contables, financeiros e patrimoniais que aconteceron ao longo do ano 2024.

b) Someter a Conta ao ditame da Comisión Especial de Contas e aos requisitos e trámites que esixe o artigo 212.3 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo.

En Vigo, a data da sinatura electrónica

O Tesoureiro Director Superior Contable e Orzamentario: Luis García Alvarez

O ALCALDE – PRESIDENTE: Abel R. Caballero Álvarez

Dou fe, A SECRETARIA XERAL DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL: Susana Gallardo Fariña
sinatura electrónica



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 14/05/2025 13:42	Páxina 2 de 2
305-143	CSV: A7ABE5-EAEBAC-D444D5-FZK49W-JNR6AQ-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		